

¿QUERES MONTAR A TÚA PROPIA EMPRESA?

Crear a túa propia empresa ten vantaxes, pero vai esixir moitos sacrificios pola túa parte.

Hai varios factores que serán clave para poder ter perspectivas de éxito:

- *Experiencia co servizo que ofrezca a túa futura empresa.*
- *Facilidade para facer contactos e negociar.*
- *Constancia*
- *Capacidade de traballo.*
- *Non ter horarios .*
- *Alta tolerancia á frustración, sobre todo, ó principio.*
- *Ilusión por vender servizos ou produtos que coñeces e che gustan.*
- *Ilusión por ser o teu propio xefe.*
- *Capacidade de organización.*
- *Liderazgo.*
- *Coñecemento do mercado laboral.*
- *Capacidade de xestión e de planificación do teu proxecto.*

É fundamental ter un proxecto claro, facer un estudio de viabilidade empresarial, coñecer as axudas e subvencións que existen para os emprendedores e apoiarse en especialistas que ofrezan consello ou asesoramento (BIC Galicia, IGAPE, Axentes de emprego e desenvolvemento local dos concellos ou outras entidades, Servizos de Orientación Laboral, etc).

¿Qué é un plan de viabilidade?

É un documento escrito que cada emprendedor elabora co obxectivo de planificar, avaliar e controlar todos os aspectos máis importantes do negocio desce a idea ata a posta en marcha da empresa. Habitualmente ten os seguintes apartados.

- *Presentación do proxecto.*
- *Actividade da empresa.*
- *Análise do mercado.*
- *Marketing e comercialización.*
- *Producción e operacións.*
- *Organización e recursos humanos.*
- *Investigación, desenvolvemento e innovación.*
- *Tecnoloxía da información.*
- *Calidade e medio ambiente.*
- *Plan económico e financeiro.*

O plan de empresa é unha ferramenta de traballo e reflexión que serve ó emprendedor para analizar e planificar a súa actividade nos vindeiros 2, 3 ou 5 anos dependendo do tamaño da empresa e do sector. Ademais permite controlar a actividade empresarial no caso de ter que tomar decisións.